




*¡Que fermosas son
as túas palabras, Señor!*

NA MISA

6.1

ESCOITAMO-LA PALABRA DE DEUS




*Gracias, Señor,
polo alimento da túa Palabra*

XESÚS SIGUE FALÁNDONOS HOXE

Podemos escoitalo, ou facer que non o oímos, cumprilo que nos di, ou non facerlle caso.

Recortamos e pegamos fotografías que expresen o que se di en cada círculo.

(Se non dispoñemos de fotos, debuxamos)



PARA RECORDAR

- * **¿QUE É A SAGRADA ESCRITURA?**
A Sagrada Escritura ou a Biblia é o conxunto de libros que nos contan a historia de amor de Deus ós homes; é dicir: o que Deus fixo e dixo para a nosa salvación.
- * **¿QUE FACEMOS OS CRISTIÁNS NA EUCARISTÍA?**
Os cristiáns, na Eucaristía, escoitámo-la Palabra de Deus, bendicímolo e dámoslle gracias.
Ofrecémonos ó Pai con Xesucristo e recibímolo como alimento da Vida que dura para sempre.